



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Meteoroloxía, cambio climático e calidade do aire

CONVOCATORIA: Convocatoria AUTONÓMICA, primeiro semestre

GRUPO: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/02/2017 - 08:00h ao 27/02/2017 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo do curso Meteoroloxía, cambio climático e calidade do aire é facilitar aos traballadores da administración autonómica coñecementos prácticos e habilidades técnicas susceptibles de aplicación nos seus postos de traballo, a través dos seus respectivos ámbitos de responsabilidade nos sectores que inciden no medio ambiente.

O desenvolvemento do curso abrangue tres áreas definidas co obxecto de:

Permitir familiarizarse coa aplicación nos traballos técnicos de variables meteorolóxicas e empregar as bases de datos e outras ferramentas que Meteogalicia ten a disposición.

Facilitar a comprensión de aspectos como o fenómeno do cambio climático, así como, do desenvolvemento normativo que, desde unha escala internacional, compromete aos diferentes países no cumprimento de obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Permitir ao alumno coñecer, entre outras cuestións, a determinación das emisións de gases de efecto invernadoiro mediante a elaboración de inventarios, así como, o funcionamento do mercado de dereitos de emisión e a xestión de diversos mecanismos e principais ferramentas e modelos como base para a adopción de actuacións fronte ao cambio climático.

Proporcionar información sobre cómo se realiza a avaliación da calidade do aire, cómo se interpretan os datos de concentración de contaminantes, qué contaminantes son estudados neste ámbito e qué efectos poden ter sobre a saúde das persoas. Tamén, coñecer as distintas ferramentas existentes a disposición do público para coñecer a calidade do aire no seu contorno.

DESTINATARIOS

Está destinado principalmente a funcionarios dos grupos A1 e A2 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como das restantes consellerías, e da administración local, que, para o desenvolvemento dos seus traballos técnicos necesiten ou estean interesados na adquisición de coñecementos de meteoroloxía, de cambio climático e calidade do aire, así como, para aqueles que desexen formarse nestes campos.

PROGRAMA

O programa do curso "Meteoroloxía, cambio climático e calidade do aire" terá por obxecto o desenvolvemento dunha serie de bloques que permitan ao asistente adquirir coñecementos e desenvolver aptitudes técnicas mediante o manexo de diferentes ferramentas prácticas.

Ditos bloques centraranse nos seguintes aspectos xerais:

BLOQUE 1: Meteoroloxía e climatoloxía.

BLOQUE 2: Observación e predición.

BLOQUE 3: Cambio climático e actuacións de loita fronte ao fenómeno.

BLOQUE 4: Mitigación e adaptación.

BLOQUE 5: Calidade do aire e saúde ambiental.

BLOQUE 6: A rede de calidade do aire. Información dispoñible ao público.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá prioridade o persoal técnico que manexe variables meteorolóxicas ou traballe en temas directa ou indirectamente relacionados coa meteoroloxía e clima, o cambio climático ou a calidade do aire.

De non cubrirse todas as prazas ofertadas co persoal sinalado no criterio anterior, daráselle entrada a outro tipo de persoal. Para a súa selección aplicaranse os criterios xerais da EGAP segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº7, do 10/01/2008).

Os criterios desta resolución aplicaranse, asemade, para establecer a orde de prelación do persoal que resulte seleccionado como consecuencia da aplicación do primeiro criterio.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 19/04/2017 a 26/04/2017

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 26/04/2017

DOCENTES NOMEADOS

IRENE PIÑEIRO ARRIVI

agustin diaz alonso

Ana Lage González

Anthony David Saunders Estévez

CESAR BERMUDEZ INSUA

Iñigo Losada Rodriguez

Ignacio Iván Fraga Moure

JUAN JOSÉ TABOADA HIDALGO

Mª Luz Macho Eiras

Maria Jesus Souto Alvedro

MIGUEL ANGEL TUBÍO FERNÁNDEZ

Nuria Gallego Fernandez

Santiago Salsón Casado

Xavier Querol Carceller

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 7: Os días 19, 20, 21 e 26 de abril de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: Os días 24 e 25 de abril de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA